



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación definitiva e texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral

ANUNCIO

Aprobación definitiva e texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral

EXPEDIENTE: 2026/G016/000001

O Pleno do Concello de Carral, en sesión extraordinaria celebrada o día 18 de maio de 2026, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral.

O expediente e o texto da modificación estiveron expostos ao público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e no Boletín Oficial da provincia número 95 do 22 de maio de 2026, polo prazo de 30 días hábiles, do 22 de maio de 2026 ata o 08 de xullo de 2026, realizándose nese prazo unha alegación.

Rematado o prazo de información pública o pleno do Concello de Carral, en sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2026, desestimou a devandita alegación e aprobou definitivamente a modificación da ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas e culturais municipais do Concello de Carral, faise pública a aprobación definitiva do devandito expediente, así como o texto íntegro da Ordenanza, de acordo co disposto polo Pleno da Corporación, e en cumprimento do preceptuado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“Artigo 1.-Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 57 e 20.4.o) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado por Real Decreto 2/2004), este Concello establece a Taxa pola Utilización das instalacións deportivas e culturais municipais.

Artigo 2.-Feito imponible.

Constitue o feito imponible da taxa o uso das instalacións deportivas municipais e utilización das instalacións culturais e centros sociais con carácter individual o retributivo.

Artigo 3.-Obrigado tributario.

1. É obrigado tributario, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral tributaria, que solicite a utilización das instalacións e quen as utilice aínda sen ser obtida a preceptiva autorización.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades ou síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4.-Base Imponible.

A determinación da contía a pagar realizarase emdiante o sistema de cota fixa segundo as tarifas recollidas no artigo seguinte.

Artigo 5.-Tarifas.

A contía da taxa determinarase aplicando as seguintes tarifas:

EPÍGRAFE 1: PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS:	
Aluguer ou adestramentos sen iluminación.	12,00 €
Aluguer ou adestramentos con iluminación.	16,00 €
Bono de 10 alugueres (caducidade trimestral)	140,00 €
Adestramentos federados de categorías inferiores (ata cadete)	12,00 €
Aluguer para actividades físico-deportivas (campus, cursos, actividades docentes ou actividades similares)	12,00 €/h (sen matrícula) 20,00 €/h (con matrícula)
Competicións federadas sen venda de entradas	12,00 €/h
Competicións federadas con venda de entradas	24 ,00 €/h
Maratóns deportivos non municipais	300 €/día
Actos non deportivos sen venda de entradas.	100 € ata 3h e despois 30€/h
Actos non deportivos con venda de entradas.	200 € ata 3h e despois 50€/h
Descontos voluntarios de protección civil.	- 37 % do prezo.
Descontos por grupos de 3ª Idade ou persoas con discapacidade	- 37 % do prezo.
Clubs ou asociacións cos que exista un convenio (ata 3 h á semana/categoría)	De balde
NOTA: - O aluguer inclúe 15 minutos de vestiario, 60 minutos de xogo na pista e outros 15 minutos de vestiario. - Os menores de idade deberán estar acompañado en todo momento por un adulto responsable. - Tamén poderanse aplicar os descontos sinalados á persoas cun informe favorable do departamento de servizos sociais.	

PISTAS MUNICIPAIS DE PÁDEL:	
Aluguer hora e media de pista de pádel (non aboados complexo deportivo)	16,00 €
Aluguer hora e media de pista de pádel (aboados complexo deportivo)(*)	8,00 €
Aluguer das palas de pádel (por hora e media)	1 €/ unidade
Adquisición de bote de pelotas de pádel	6 €/bote
(*) Deberán ser aboados dous dos xogadores que vaian a gozar da pista.	

PISTAS MUNICIPAIS DE TENIS:	
Equipos/xogadores federados locais.	1,50 €/h
Equipos/xogadores locais non federados.	3,00 €/h
Aluguer con uso de luz	4,50 €/h
Bono de 10 horas sen luz (caducidade trimestral)	24,00 €
Bono de 10 horas con luz (caducidade trimestral)	36,00 €
Aluguer persoas de 3ª Idade ou persoas con discapacidade	1,50 €/h
Aluguer voluntarios de protección civil.	1,50 €/h
NOTA: - Tamén poderanse aplicar os descontos sinalados á persoas cun informe favorable do departamento de servizos sociais.	

PISCINAS EXTERIORES MUNICIPAIS:	
Entrada libre diaria xeral	3,00 €/día
Entrada libre diaria reducida (menores de 18 anos, 3ª idade e persoas con discapacidade)	2,00 €/día
Abono individual tempada de verán.	13,00 € (toda a tempada)
Abono familiar tempada de verán (aboado/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos)	22,00 € (toda a tempada)
Abono individual reducido (menores de 18 anos, 3ª idade e persoas con discapacidade)	10,00 € (toda a tempada)
Aluguer de carrís da piscina.	10 €/calle/sesión
Descontos voluntarios de protección civil.	Entrada individual gratuíta
Menores de 3 anos	De balde
Fianza pola tarxeta de acceso dos socios	3,00 €/tarxeta
Notas: - Exencións de pago: por situacións socio-económicas determinadas previo informe favorable dos servizos sociais municipais, ou para eventos deportivos-recreativos municipais de carácter puntual (visita dos nenos e nenas dos campamentos, eventos municipais de carácter recreativo,... previo informe técnico). - A tempada de verán determinarase polo Departamento Municipal de Deportes en función da apertura estival das piscinas. - Os menores de 10 anos deberán estar acompañado en todo momento por un adulto responsable.	

CAMPO DE FÚTBOL DOS CAPELOS	
Adestramentos ou aluguer medio campo sen luz	40,00 €
Adestramentos ou aluguer medio campo con luz	45,00 €
Adestramentos ou aluguer campo completo sen luz	60,00 €
Adestramentos ou aluguer campo completo con luz	70,00 €
Competicións federadas sen venda de entradas	60,00 €
Competicións federadas con venda de entradas	100,00 €
Bono 10 alugueres medio campo	250,00 €
Bono 10 alugueres campo completo	450,00 €
NOTA: - O aluguer inclúe 15 minutos de vestiario, 105 minutos de xogo ou adestramento no campo e outros 15 minutos de vestiario. - Os menores de idade deberán estar acompañado en todo momento por un adulto responsable.	

COMPLEXO DEPORTIVO	
MATRÍCULAS	
Matrícula Aboado ximnasio	20,00 €
Matrícula Aboado Familiar	30,00 €
Matrícula Aboado 3ª Idade	20,00 €
Matrícula Aboados <18 anos	20,00 €
ABONOS	
Aboado ximnasio	17,00 €/mes
Aboado Familiar*	26,00 €/mes
Aboado 3ª Idade	17,00 €/mes
Aboados <18 anos	17,00 €/mes
ENTRADAS LIBRES	
Entrada libre Adulto	3,50 €
Entrada libre 3ª Idade	2,50 €
Entrada libre <18 anos	2,50 €
OUTROS SERVIZOS	
Substituír taxeta de acceso socios	4 €/ taxeta
Aluguer da Sala de Actividades do ximnasio	20,00 € /h
* Aboado/a, cónxuxe e fillos/as menores de 25 anos.	

INSTALACIÓNS CULTURAIS E CENTROS SOCIAIS	
Dereito de uso da aula de música do Local Social de Ans	20,00 € (por membro/ano)
Utilización da sala de exposicións ou auditorios para uso particular non promovidas polo Concello ou as entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.	45,00 €/día 30,00 €/medio día
Utilización dos locais sociais para actividades retribuídas	20,00 €/h.

PUBLICIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS		
Anuncios publicitarios pavillón Colexio	1,50 €/m2/mes	(18 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios pavillón do Espiño	1,50 €/m2/mes	(18 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios pistas de tenis ou análogos	1,50 €/m2/mes	(18 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios piscinas descubertas	1,50 €/m2/mes	(18 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios Campo de Fútbol dos Capelos	2,00 €/m2/mes	(24 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios pistas polideportivas descubertas	1,00 €/m2/mes	(12 €/m2/ano)
Anuncios publicitarios Centro Deportivo	Estática	1,50 €/m2/mes (18 €/m2/ano)
	Audiovisual (pases diario)	35,00 €/mes (fraccións 30 segundos)
Bono publicidade en tódalas instalacións deportivas ou culturais ou centros sociais	1,35 €/m2 máis 30,00 €/mes (audiovisual)	
NOTA: - O cartel publicitario e a súa instalación correrán a cargo do anunciante. O deseño da publicidade audiovisual será a cargo do anunciante. - Os pagos realizaranse anualmente, a comezo das tempadas deportivas. - A Xunta de Goberno Local poderá ceder de xeito gratuito para actos puntuais as instalacións deportivas recollidas nesta ordenanza. - Todos estes prezos poderanse ver modificados no caso de que o Concello asine convenios de colaboración con algúns dos clubs deportivo do municipio.		

Artigo 6 .-Deivindicación.

Deivindícase a taxa e nace a obriga de contribuír dende que se solicita a utilización das instalacións contidas nesta ordenanza.

Artigo 7 .-Normas de xestión.

1.-Unha vez que se autorice a utilización das instalacións ou que se conceda a participación na actividade, o suxeito pasivo deberá practicala declaración/liquidación (autoliquidación) correspondente conforme o sinalado nesta ordenanza.

2.-O importe da taxa realizarase por ingreso directo nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello e sempre antes de iniciarl a ocupación da instalación deportiva ou cultural. O resguardo de pago deberá presentarse ao responsable da instalación para poder iniciar a práctica.

Artigo 8 .-Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e da súa normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As cotas tributarias fixadas no artigo 5 desta ordenanza modificaránse anualmente de acordo coa variación do Índice de prezos ao Consumo que sinala o Instituto Nacional de Estatística. O resultado da aplicación deste índice redondearase sempre por exceso ou por defecto á centena superior ou inferior.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Coa presente ordenanza queda derogada a Ordenanza Reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas e pola prestación doutras actividades deportivas e culturais, publicada no Bop nº 135 de 21 de agosto de 2020.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente polo pleno da corporación, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”

Concello de Carral, 13 de xullo de 2026

O alcalde

José Luis Fernández Mouriño

2026/4704